

A BENZA

SUMARIO

- 0 Consello de Redacción no seu orixe	2
- Descripción dos espazos	2
- Escala 1:50	3
- Análise do traballo anterior	3
- O transporte escolar	4
- Análise do traballo anterior	4
- ¿Qué foi dos alumnos que saíron do colexio?	5
O GATO	
- Primeira historia fantástica de 7º B	6
- Segunda historia fantástica de 7º B	6
AS ÁRBORES	
- Primeira historia fantástica de 7º A	7
- Segunda historia fantástica 7º A.	7
- O meu gato	8
- A historia do viño	8
- Adiviñas	9
- Hemeroteca	10
- Pasatempos	11
- Contraportada	12

REDACCIÓN:

REVISTA DIXITAL ESCOLAR

O NOSO COLEXIO

A terceira edición da primeira época foi o único número do curso 85/86 e tamén o último. Nesta ocasión, a revista recolleu tres estudos do colexio e o seu entorno; unha serie de historias fantásticas, e; unhas adiviñas.


Ainda que poi da parecer que o escrito nesta serie de revistas só afecta a uns poucos alumnos, o certo é que cada traballo que se propoñía -case sempre a proposta saía de D. Abel, o mestre de galego- era desenvolvido polos alumnos a modo de tarefa, e despois escollíase o máis axeitado ou a combinación dos mellores.

Precisamente, no estudo que levaba por título "O Noso Colexio" participaron os alumnos de séptimo.

Repartíronse por grupos e fixeron croquis aproximados da planta baixa, planta primeira e segunda ademais de outros estudos que ides agora, dezanove anos despois, lembrar ou para quen non tivera a oportunidade de leelo no seu momento.

PLANO DO NOSO COLEXIO

C.E.I.P. SANTA MARÍA DO CASTRO
VALOÍO Nº.51 - CP 15930 CABO DE CRUZ



PORTADA

O Consello de Redacción no seu orixe

Ainda que non houbo incorporacións o consello neste curso, si causaban baixa os alumnos que finalizaban 8º.

Ainda que voluntarios, case que tódolos integrantes destes consellos de redacción tiñan afán de escribir, contar, narrar, crear i en definitiva aportar algo de seu a comunidade da parroquia do castro. Non se imaxinaban que vinte anos despois iban a conseguir estar nun medio ó alcance de tódolos habitantes do planeta.



Portada:

Jesús Romero Meis

A portada segue sendo a mesma nesta terceira ocasión. Era demasiado boa para ser remplazada e non se barallaba a posibilidade de non representar na primeira páxina o nome da revista.

DESCRIPCIÓN DOS ESPACIOS

Ademáis das aulas temos uns espazos no edificio á nosa disposición, como son:

-Biblioteca, con 500 volumes.

-Laboratorio, con equipos completos de física, química, aínda que non temos aparatos ópticos, a non ser lupas binoculares.

-Sala de plástica, con dous armarios de pretecnoloxía equipados completamente. Temos ademais pinceis témperas,...

-Un botiquín con primeiras urxencias e unha consulta onde

veñen uns médicos ás veces e miránnos a algúns.

O estado do edificio é bo xa que, como sabedes, leva funcionando tres cursos, contando o actual.

Na páxina seguinte podedes ver un plano dunha das aulas, a correspondente a 7ºA, unha miguiña mais longa cas outras porque coincídelle unha columna no lateral e fai que as ventanas do medio se atopen máis separadas cas outras.

As medidas representadas no plano correspóndese exactamente coas reais, aínda que reducidas 50 veces, como indica a escala. Basta con que midades en centímetros as mesas, encerado, ..., e multipliquedes esa cantidade por 50. Teredes así a medida real do obxeto medido no plano.



Vista exterior do Colexio

O NÚMERO DE ALUMNOS POR CLASE ERA O SEGUINTE:

1º A—26

1º B—26

2º A—33

2º B—33

3º A—36

3º B—37

4º A—31

4º B—30

5º A—36

5º B—36

6º A—38

6º B—32

7º A—24

7º B—24

8º A—22

8º B—23


PRESC. A—24

PRESC. B—24

TOTAL—535

PORTADA

Escala 1:50



Análise do traballo anterior

O mestre que levaba a revista era o de galego e polo tanto iniciativas como a de debuxar á escala a aula, facíamola tódolos os seus alumnos para poder aprobar a asignatura de galego.

Polo tanto, en tódalas libretas de galego dos alumnos de 7º curso estaba dibuxada a súa clase.

Tamén todos debuxáramos a illa Benza para intentar acadar a

portada da revista, todos escribimos “historias fantásticas” como as que podedes leer nas seguintes páxinas e todos competíamos por aparecer na “A Benza”, aínda que só os mellores o conseguían.

É unha mágoa que a maioría dos mestres estén de paso no colexio mentres xuntan puntos para dar clase preto dos seus fogares, xa que fan que iniciativas coma a deste

mestre, morran cando eles mudan de colexio.



17 MAIO 2004

PORTADA

O transporte escolar

A maioría de nós, usámolo transporte escolar. En total somos 325 os que viaxamos a diario en tres autobuses. 75 de Cariño, 80 do Esteiro, 80 de Bandeorío-Chazo, e 90 do Campo.



Análese da entrevista anterior

O número de alumnos que había no colexio facía que os autobuses foran cheos en exceso. Tres en cada dous asientos, e cantidade de rapaces de pé nos pasillos.

Hai anos que veñen alumnos de Triñáns debido a súa cercanía, aínda que estes alumnos pertencen a

parroquia de Abanqueiro. Algúns anos os autobuses ían a Triñáns a recollelos.

En moitas ocasións, tamén veñen, aínda que o normal é que vaian a Boiro, rapaces de núcleos distantes como son os de Rebordelo e de Xión.



O ano que abreu o colexio os alumnos de Valiño tiñamos que ir ó colexio andando.

PORTADA

¿Qué foi dos alumnos que saíron do colexio?

Deste colexio xa saíron rapaces nos dous cursos que leva funcionando e preocupámosmos por saber deles, que fan na actualidade e cantos se foron co GRADUADO ESCOLAR.

ESTE É O RESULTADO:

CURSO 1.983/84

Saíron do colexio 34 rapaces; 25 chegaron a 8º; 4 repetiron 8º; 21

acadaron o GRADUADO e 13 fóronse sen o graduado.

CURSO 1.984/85

Saíron do colexio 54 rapaces; 37 chegaron a 8º; 10 repiten curso en 8º;

17 fóronse sen chegaren a 8º; 27 sacaron o GRADUADO.

Tendo en conta os compañeiros que saíron do colexio e, destes, os que se

foron co graduado, podemos averiguar a porcentaxe de fracaso escolar:

No curso 83/84 foi un 38% de fracaso.

No 84/85 foi dun 50%.

Na actualidade, esta é a situación na que se atopan:

OFICIO OU ESTUDIOS	CURSO 83/84			CURSO 84/85			GLOBAL		
	H.	M.	TOTAL	H.	M.	TOTAL	H.	M.	TOTAL
Axudan a traballar na casa	0	5	5	4	16	20	4	21	25
Van ó Instituto	3	2	5	6	7	13	9	9	18
Traballan na batea	4	0	4	7	3	10	11	3	14
Costura	0	5	5	0	2	2	0	7	7
Marisqueo	1	0	1	3	0	3	4	0	4
Aprendiz de Albañil	2	0	2	2	0	2	4	0	4
F.P.1	1	1	2	2	0	2	3	1	4
Zapateiro	1	0	1	0	0	0	1	0	1
Aprendiz de Carpinteiro	1	0	1	0	0	0	1	0	1
Aprendiz de Fontaneiro	1	0	1	0	0	0	1	0	1
Clases de Máquina	0	0	0	0	1	1	0	1	1
Está a traballar nun bar	1	0	1	0	0	0	1	0	1
Estuda para cura	1	0	1	0	0	0	1	0	1
Estuda estética	0	1	1	0	0	0	0	1	1
Foise para outro colexio	0	0	0	1	0	1	1	0	1
TOTAL	16	14	30	25	29	54	41	43	84

APRENDE A NAVEGAR A VELA

<http://www.cabodecruz.org/gamela.htm>



NO VERÁN

GAMELA—CABO DA CRUZ ESPERANZA-
LIBERDADE

SAIDAS PARA APRENDER VELA TRADICIONAL

981 84 70 01

E-mail:

Gamela@cabodecruz.org

 cabodecruz.org

PORTADA

HISTORIA FANTÁSTICAS de 7ºB

Os compañeiros de 7º B seleccionamos estas dúas historias FANTANTISCAS de estre as que fixemos cada un de nós cando unha tarde puxémonos a cavilar sobre esta pregunta: "¿QUÉ PASARÍA SE O AVÓ SE CONVERTIRA UN DIA EN GATO?"

PRIMEIRA HISTORIA: POR PILAR OJEA ORTIGUEIRA. 7ºB

Unha mañá dispoñíame a levarlle o almorzo á casa ó meu avó, pero ó abrila porta decátome de que non está alí e no seu lugar atópase un gato mouro, cos ollos verdes e miando de fame. Deille un filete e quedou todo pancho.

Ó saír do cuarto atópome cunha muller moi fermosa, cun gorro pirulo de cor azul e un vestido branco, longo ata os pés. Na man dereita levaba unha variña máxica cunha estrela na punta. Díxome que era a fada madriña do meu avó Rusco.

-Pois aquí non está, somentes hai un gato—contestei cando me preguntou por él.

-Mira, vouche contalo que lle pasou ó teu avó. Hoxe o mencer vin falar con él e como se negou a facer o que lle pedía, convertino nun gato.

Decateime logo que aquel gato que comera o filete coincidía coa descrición que me dí a fada.

A miña pena foi moi grande porque un gato non me podería contar contos, nen quentarme a cara cas súas mans, nen facerme de comer cando estiveramos

solos. Atopábame moi triste acompañada soio por un pobre gato.



"como se negou a facer o que lle pedía, convertino nun gato"

SEGUNDA HISTORIA: POR FRANCISCO OJEA RODRÍGUEZ. 7ºB


Un sábado pola mañá oín que algo ruxía no cuarto do meu avó. Entón, caladamente, acerqueime para velo que acontecía. Ollei polo burato da pechadura e vin un gato que estaba na ventá. Abrín a porta e o gato saltou a parra e foise correndo para o garaxe. Non era un gato grande pero tiña moita forza, pois levaba na boca os calzóns e a camisa do meu avó. Ó ver que na cama non había ninguén, sen dúbida que aquilo era un encanto e o meu avó convertírase en gato.

Eu quedei abraiado polo que

estaba a ver. Tireime un anaco na cama e o erguerme, vin un libro na silla onde o meu avó deixaba sempre a roupa. Estaba medio aberto e púxenme a llelo. O primeiro que leo son as palabras máxicas para desfacerlo encanto e deixar de ser un gato. Dícía así: "mexo de cabalo, folla de caballo, fai que deixe de ser un gato cando conte tres: unha, duas e tres. Nese intre a miña nai entrou no cuarto e preguntoume:

-¿Qué che pasa, por qué berras e das tantas voltas na cama?

Decateime entón que todo fora un soño, e decidín non contarlle nada, non fora ser que me tomara por un tolo.



Imaxinación

PORTADA

HISTORIA FANTÁSTICAS de 7ºA

As dúas historias que ides agora, seleccionámolas os rapaces de 7ºA, entre tódalas que fixemos un día respetando a pregunta: "¿QUÉ PASARÍA SE UN DÍA AS ÁRBORES DERAN EN FALAR?". Estas son as dúas elixidas aínda que non todos estaban de acordo coa elección.

PRIMEIRA HISTORIA: POR XOSÉ ANTONIO HERMO FERNÁNDEZ. 7ºA

Un día andando polo monte, pareceume oír falar a alguén. Pareime, mirei ó redor, e non vin nada, inda que falaban ó carón de mín. ¡Eran as árbores que parolaban entre elas!. Agacheime tra-lo valado para escoitalo que dicían:

-Que domingo máis fermoso. Oxe non temos que aguanta-lo fume das chimeneas das fábricas, os nenos xogan ledos no prado e os labregos dan unha volta polas súas terras co paso lento e fumando un pito.

-Sí. Tes razón. O malo e que mañá volve a ser luns e as

fábricas voltarán a votar fume e os rapaces xa non xogarán no prado, se non que estarán a aburrirse na escola.

Eu quedei parbo co que estaba a ver e a escoitar. Decedín ir contarlló ós outros rapaces pero ó erguerme decátanse da miña presenza e preguntanme:

-Así que estiveches escoitando a nosa conversa, ¿non sí?.

-Estiven.

-Ben, menos mal que non poderás contarlló ós teus amigos, pois pensarían que toleaches.

-Eu quedei cavilando e respondinlle:

-Case que tes razón. Se vou con este conto vanse reír de mín.

-O mellor e que gardémolo segredo entre nós-engadiron as árbores-.

-Moi ben. Por mín non se ha de saber nada.

-Votei a andar polo monte e funme para a casa.



SEGUNDA HISTORIA: POR CRISTINA MORA FERNÁNDEZ. 7ºA



Un día como outro calquera ía eu paseando pola alameda ata que de súpeto oín canta-lo imno galego. Disen para mín: ¿SERÁ a radio do quiosco?. Pero non, era unha vidueira que tiña ó meu lado que me enpezou a falar da súa historia, da súa vida e do que pasou na II Guerra Mundial.

Eu non paraba de facerlle preguntas e a pobre non daba feito para repostarme, máis quedou caladiña cando lle preguntei:

-¿cómo e logo que as árbores falades?

-Iso non cho podo decir.

-Dimo oh, senón non che conto eu unha cousiña que sei.

-¿qué cousa é?.

-Primeiro responde ti.

-BEN, pero con condicións...

-A ver logo.

-Non podes contarlle a ninguén que estiveches a falar connmigo. Nin a túa nai nin ás túas amigas, ¿oíchesme ben?.

-Oín, oín.

-Tampouco poderás falar

Disto con ningunha outra árbore, porque me chamarían chivata e eso non me gusta.

-Xa, xa, perde coidado e conta axiña.

Póñome a escoitar con atención pero nada...

-¿Qué che pasa agora?

-Estou falando a fala.

-¡Non, non!, ¿Iso non mo podes facer agora!. Tesme que contar moitas cousas.

-Síntocho miña amiga. Lembra que non lle podes decir a ninguén que estiveches connmigo.

A poble vidueira pouco a pouco deixou de falar. Eu funme chorando para a casa e a miña nai preguntoume que pasaba, por qué choraba. Quería contarlló todo pero lenbrei a promesa que fixera a Calci.

Dende aquela non hai día que non vaia a alameda coa esperanza de que algunha árbore me fale.

PORTADA

DUAS HISTORIA FANTÁSTICAS MÁIS

Todos podemos inventar historias moi bonitas se poñemos a traballar a fantasía. Tentade escribir unha historia “dun can que non sabe ladrar”, “dun cabalo que quería aprender a escribir a máquina”, “dun home que vai ó zapateiro para que lle faga uns zapatos para as mans”, Ou de calquer situación que se vos ocorran. Entregádelle estas fantasías ós delegados da vosa clase e sairán no próximo xornal que fagamos. Se hai moitas teremos que seleccionar algunhas pero é importante participar.

O MEU GATO: POR ARACELI BLANCO. 7ºA

O meu gato é un dos poucos que hai na aldea.

É, sen dúbida, e o máis fermoso. Eu chámolle “RFT”. É todo branco, co pelo moi longo e os ollos rasgados e moi claros. Ten as patas curtas por culpa da barriga que case a arrastra, e o rabo teno sempre ourizado.

É moi gracioso e nunca vai con estranos, en cambio a mín lámbeme a cara sen parar.

Non lle gusto o pan, soio o chocolate e algunhas lambetadas máis. É moi xoguetón e os meus amigos chámanlle bola de grasa e tamén “potote”, polo gordecho que está.

Ten unha cadea ó pescozo co seu nome grabado, e non lle ten medo ós cans porque se criou cun e repartían a comida e tamén xogaban. A quen si lle ten medo é a

oscuridade, por iso de noite van sempre durmir ós pes da miña cama, porque a cestiña que lle teño preparada para que descanse está no faio e, como non hai luz, non quere ir.

Sempre que vai ó xardín rompe tódalas plantas e cando a miña avoa se pon a calcetar, disfruta moito xogando con move-lo.



A HISTORIA DO VIÑO: POR ARACELI BLANCO. 7ºA

Esta é a historia que contaría unha uva dende o seu nacemento ata que se convirte en viño. Como as uvas non falan non escriben, JUAN JOSÉ FERNÁNDEZ TOUCEDO imaxinou o que dirían:

“Agardade un momentíño que quere contárvo-la miña historia ante de que me bebedes.

Xa sabedes que o primeiro que fan os homes ó poda-la miña casa e despois enlatar, poñerlle as vigas.

Na primaveira xa se tella a miña casa con follas. Cando veño eu agárrome ó tellado e despois de sulfatar tórnome amarela ata o setembro que pode ser negra ou branca. Entón córtanme a cabeza e lévanme ó barril.

Alí esmáganme e comenzo a ferver. O meu sangue gárdase para beber máis adiante e os meus ósos (o bagullo) gárdano para face-la augardente.



PORTADA

A D I V I Ñ A S


Estas adiviñas foron todas inventadas polos compañeiros de 6º e 7º e a boa fé que non son copia das de ningún libro. As solucións van ó final. Só con darlle a volta á folia poderedes lelas.



1-De mín caen
ó chan chegan
inda que o vento
ás veces as pasea.

3-Teño pico e non son páxaro
visto de negro e non son cura
críome e vivo na auga
ata que me depuran.

5-As árbores están espidas
neste tempo sin calor,
as ruas están cubertas
de follas de parda cor.



7-Nós estamos na estación
que está preto do inverno,
na que aínda fai calor,
máis ás veces é preciso
Prende-la cociña de ferro.



2-Teño follas
máis non son libro
e se ven o frío
ó chan as tiro.

4-¿Qué é unha cousa cousiña
que no Outono cae da viña?

6-Adi viña que cousas serán
que de pequenas son verdes,
ó iren medrando, vermellas
e de vellas voltan negras.

8-Ás veces parezo a Ría
ás veces parezo un volcán,
pero non te cabrees conmigo
que se chego, xa se cabrea o mar.



SOLUCIÓNS:
1.-As follas; 2.-A árbore no outono; 3.-O mexillón; 4.-A follas; 5.-O Outono; 6.-As amoras; 7.-O Outono; 8.-O vento.

PORTADA

HEMEROTECA:



PORTADA

Xogos e Pasatempos

ATOPA AS DIFERENCIAS:



C	E	S	S	A	N	T	A	N	D	E	E	A	R
O	A	D	A	L	A	M	E	T	A	D	I	A	N
R	R	R	N	O	R	I	E	G	U	S	E	R	O
O	I	W	R	A	N	I	A	N	I	T	S	I	S
S	E	Y	D	A	R	A	M	I	L	L	O	E	T
T	D	Q	U	I	G	G	E	I	E	R	A	T	I
I	A	O	Z	P	X	U	A	C	A	S	T	O	E
N	L	A	T	R	O	T	E	R	V	E	R	B	N
E	S	T	A	T	U	Y	L	I	I	M	P	A	I
L	E	T	R	I	N	J	O	U	R	E	A	G	O
A	S	A	B	M	O	L	A	E	L	O	B	E	D
P	I	Ñ	E	I	R	O	N	E	S	A	S	I	A
O	R	I	U	N	D	A	M	A	T	E	U	Q	R
R	C	A	B	I	U	E	C	E	N	A	T	I	W

CALDO DE LETRAS:

ATOPA O NOME DAS SEGUINTES PRAIAS:
CARRAGUEIROS - GABOTEIRA - ESTEIRO - LADEIRA - PALÉN -
PIÑEIRÓN - RETORTA - RIBEIRA GRANDE

Modelo de resposta e participación

Envía por correo a túa resposta xunto ó teu escrito e a túa dirección a asociación de veciños.

Tes baixo estas liñas, a dirección.

Tamén podes participar a través do web en <http://www.cabodecruz.org/benza.htm> ou por e-mail benza@cabodecruz.org.

Solución do número anterior.

C	E	S	S	A	N	T	A	N	D	E	E	A	R
O	A	D	A	L	A	M	E	T	A	D	I	A	N
R	R	R	N	O	R	I	E	G	U	S	E	R	O
L	E	T	P	I	Ñ	E	I	R	O	N	E	S	A
A	S	A	B	M	O	L	A	E	L	O	B	E	D
P	I	Ñ	E	I	R	O	N	E	S	A	S	I	A
O	R	I	U	N	D	A	M	A	T	E	U	Q	R
R	C	A	B	I	U	E	C	E	N	A	T	I	W

xoga



Concurso infantil

En cada número aparecerá unha foto do Cabo da Cruz e unha pregunta sobre a mesma.

¿De horreo é o que aparece na foto?

A.- Horreo do Xirante.

B.- Horreo de Carreró.

C.- Horreo de Romarís.

<http://www.cabodecruz.org/benza.htm>

Peirao, 219 Baixo.
15.939—Cabo de Cruz
Boiro—A Coruña

Teléfono: 981 84 70 01
Fax: 981 84 70 01
Correo: benza@cabodecruz.org

PORTADA

<http://www.cabodecruz.org/benza.htm>

Peirao, 219 Baixo.
15.939—Cabo de Cruz
Boiro—A Coruña


Teléfono: 981 84 7001
Fax: 981 84 7001
Correo: benza@cabodecruz.org

¡Estamos no Web!
<http://cabodecruz.org>


cabodecruz.org

“...Houbo que esperar a 1929 para que a capela do Castro ascendera canónicamente de “Ayuda de Parroquia” a “Parroquia” gracias ós trámites do coadxuntor don Manuel Otero e dos conveciños. Aparece, así “Santa María de la Natividad del Castro, de Cabo de Cruz”.

O carácter marítimo da nosa vila, xunto ca devoción a Vírxe do Carme, empuxou ós veciños a construción da Capela do Carme no ano 1960, sendo vendecida polo Cardenal Quiroga Palacios..”



No Seguinte Número.....

No curso 85/86 non habería máis edicións da revista e houbo que esperar a finais do curso 87/88, posto que no 86/87 tampouco se editou ningunha, para poder leer o primeiro número da segunda época, que non era outra cousa que unha memoria -traballo de recopilación de actividades ó longo do curso.

O MAGOSTO, O NADAL, O ANTROIDO, ESCURSIÓNS DE FIN DE CURSO,...



Esta revista e posible gracias ó patrocinio de
cabodecruz.org